

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	PADERNE DE ALLARIZ
Edificio	Igrexa de San Pedro de Figueiredo
Dirección	Lugar de Figueiredo, 50. 32112
	42.275477 -7.776443
Protección	
Descricion	<p>É o templo máis singular do concello de Paderne de Allariz, é o único que mantén á vista o testemuño das dúas grandes reformas que experimentou ao longo da súa historia, xa que conviven harmoniosamente elementos románicos e barrocos. Do primeiro cabe destacar á ábsida semicircular, que aínda conta cos canzorros figurados soportando o tellado, xunto a un par de columnas adosadas de fuste circular e capitel corintio. O tornachuvias da espadana central, que loce un pequeno arco de medio punto soportado por columniñas con capiteis corintios, está ricamente decorado por botóns semiesféricos que denotan, aínda con máis clareza se cabe, a súa filiación románica.</p> <p>A faciana barroca do templo ten na fachada o seo maior expoñente. A porta principal conserva aínda a fisionomía anterior, tal e como evidencia a dobre arcada de medio punto gorecida baixo un tornachuvias axadrezado na súa parte mais exterior. Os arcos destacan sobre columnas adosadas baixo capitel corintio. O tímpano exterior volve evidenciar a anterior filiación estilística nas cabezas de animais que gardan o acceso ao edificio.</p> <p>A súa humilde espadana, dun único corpo e reloxo cenital, é case que o único elemento netamente barroco de todo o edificio. A morfoloxía e o deseño global da fachada (pináculos, molduras, pilastras ...) tamén evidencian a filiación cronolóxica estilística barroca.</p> <p>O interior é dunha única nave e conta cunha cuberta alintelada con armadura de madeira. Os arcos son apuntados na nave e de medio punto na ábsida. A tribuna é un elemento do máximo interese mercede ao seu orixinal soporte, así os columnados que a sustentan aparecen divididos pola metade por senllas pías semiesféricas de auga bendicida que supoñen un novidoso aporte estético funcional.</p>
Campás	2 campás.
Fotos	2
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	MOURE, Xabier / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
Data	27-02-2025

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	Menor	VILLANUEVA SÁENZ, FERNANDO	1967	50	72
Espadana	Maior	PORTILLA, HERMANOS	1976	65	159

Información completa: [Igrexa de San Pedro de Figueiredo - PADERNE DE ALLARIZ \(GALICIA\)](#)

PDF (02-07-2026)